



NOTA DE PRENSA

O “PEQUENO CIRCO DE NADAL” ENCHERÁ DE MAXIA O CONCELLO DE RIANXO

O martes 27 de decembro ábrense as portas do “Pequeno circo de Nadal” na praza de Castelao de Rianxo, para festexar as datas máis doces do ano.

___ de Decembro de 2016. O 27 de decembro comeza a programación do “Pequeno circo de Nadal” na carpa da Praza de Castelao, que encherá de maxia e diversión as rúas e parroquias de Rianxo durante catro días. Entre a súa extensa programación conta con pasarrúas, representacións teatrais e coreográficas, obradoiros, contos, panxoliñas e mil e unha actividades máis, da man de Nelson Quinteiro Producciones.

O “Pequeno Circo de Nadal” é unha proposta familiar, divertida, e dinámica que engaiolará aos máis pequenos e fará que os máis grandes volvan sentir a ilusión e o espírito do Nadal. A súa programación conta tanto con espectáculos e representacións escénicas como con obradoiros e actividades de interacción e participación do público, dirixidas especialmente aos máis pequenos da casa. Entre as súas actividades destaca a instalación dun pequeno teatriño do que saíran uns personaxes moi curiosos que serán os encargados das actividades de dinamización, *Flashtop Christmas*, que farán chegar ás rúas e parroquias de Rianxo. Destaca tamén o importante contido patrimonial e tradicional no seu menú de actividades, entre as que podemos atopar talleres e obradoiros de manualidades, gastronomía, canto de panxoliñas ou a colaboración co grupo de música tradicional “Río de Anxo”. Así mesmo a carpa estará decorada con materias naturais que lle aportarán frescura, calidez e naturalidade ao espacio, e crearán un ambiente cálido e a sensación de fogar propia do Nadal.

Unha experiencia única e navideña, a cargo da Concellaría de Promoción Económica, Desenvolvemento Local, Comercio, Turismo e Medio Ambiente do Excmo. Concello de Rianxo e artellada e manufacturada pola empresa Nelson Quinteiro Producciones, encargada de eventos tan relevantes como o Festival Galego de Cabaré en Redondela e que participou na dinamización do *Festival PortAmérica* de Nigrán, o *Rilla na Rúa* de Ramallosa e Miño ou *A Feria Modernista* de Cartaxena, entre outros. O “Pequeno Circo de Nadal” forma parte da campaña de Nadal da citada empresa, pensada e artellada para levar a maxia, a ilusión e a diversión aos máis pequenos da casa, nestas datas tan familiares especialmente adicadas a eles.

Durante catro días levaranse un sinfín de actividades, que se repartirán entre a carpa central situada na Praza de Castelao, onde se instalará o teatriño, e as rúas e parroquias de Rianxo. Tanto os talleres e obradoiros como os espectáculos escénicos terán lugar dentro da carpa, gorecidos do frío ou da choiva. Pola súa banda, os *Flahstop Christmas*, terán lugar nas rúas do pobo, e mobilizaranse polas parroquias de Rianxo para dinamizar e levar o espírito de Nadal e a ledicia a todos os rincóns do concello.

A actividades darán comezo o martes 27 de decembro na carpa da Praza de Castelao ás 10:00h., cun evento de apertura do “Pequeno Circo de Nadal” cunha decoración navideña en vivo a cargo da artista Alba F. Troiteiro. A seguir, comezarán as actividades da carpa, iniciadas por un obradoiro de manualidades. A última hora da tarde, e como peche das actividades do día, terá lugar dentro da carpa un espectáculo infantil cada día e actividades especiais.

O “Pequeno Circo de Nadal” estará aberto os días 27, 28, 29 e 30 de decembro na praza de Castelao, dende as 10:00h. ás 21:30h., agás o martes que pecha ás 20:30h. Os *Flahstop Christsmas* intercalaranse coas actividades dentro da carpa.

Para máis información consulta a programación online, na páxina www.rianxo.gal ou ben na páxina da empresa Nelson Quinteiro Producciones www.gharbo.org ou busca no Facebook a compañía *Nelson Quinteiro Cabaret*.

